



Boletín Oficial

Provincia de Ourense



N.º 96 · Xoves, 29 abril 2010

Dep. legal: OR-1/1958 · Franqueo concertado 30/2

SUMARIO

II. ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO	
Confederación Hidrográfica do Miño-Sil	
Comisaría de Augas. Ourense	
Información pública de solicitude de concesión de aproveitamento de augas, expediente A/32/14099	2
Secretaría Xeral. Ourense	
Resolución de aprobación do modelo normalizado de declaración responsable para os efectos da navegación nas cuncas da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil	2
III. COMUNIDADE AUTÓNOMA	
Consellería de Economía e Industria	
Delegación Territorial de Ourense	
Resolución de autorización e aprobación do proxecto de execución e declaración de utilidade pública, para os efectos da urxente ocupación, da instalación eléctrica denominada: "LMT, CT, RBT Fonte Moreiras", no concello de Boborás; expediente n.º: IN407A 2009/075-3- AT	20
Resolución de autorización, aprobación do proxecto de execución e declaración de utilidade pública, para os efectos da urxente ocupación, a instalación eléctrica denominada: "LMT, CT, RBT Queiroás-Igrexa", no concello de Allariz; expediente n.º: IN407A 2008/134-3- AT	22
Resolución de autorización e aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica: LMTS e CT praza Ferreiría, no concello de Ourense (n.º expediente: IN407A 2009/74-3)	23
Resolución de autorización e aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica: LMT, CTS urbanización Camiño Aira do Fonsillón, no concello de Barbadás (n.º expediente: IN407A 2009/123-3)	24
Acordo de convocatoria para a redacción "actas previas á ocupación" dos bens e dereitos afectados pola instalación eléctrica LMT enlace Granxa Medeiros (Concellos de Oimbra e Monterrei), expediente n.º: IN407A 2009/28-3-AT	25
Información pública da petición de autorización da instalación eléctrica: LMTS, CT Campo Grande 122, no concello da Rúa (n.º expediente: IN407A 2010/21-3)	26
Información pública da petición de autorización da instalación eléctrica: LMT e CT Morteira-San Salvador, no concello do Pereiro de Aguiar (n.º expediente: IN407A 2010/17-3)	26
Información pública da petición de autorización da instalación eléctrica: LMTS, CT rúa Sousas, 122, no concello de Verín (n.º expediente: IN407A 2010/22-3)	27
IV. ENTIDADES LOCAIS	
Bola (A)	
Notificación de requirimento da Alcaldía no expediente de reposición da legalidade urbanística a Ana María García Vázquez	27
Lobios	
Exposición pública da conta xeral correspondente ó exercicio 2006	29
V. TRIBUNAIS E XULGADOS	
Xulgado do Social n.º 2 de Ourense	
Citación para acto de conciliación e xuízo a Bodegas Barbantiño, SL e a outros nos autos de demanda 146/2010	30
Xulgado do Social n.º 4 de Vigo	
Cédula de notificación de embargo preventivo e traba de bens a Excavaciones ME Mejuto, SL, nos autos de demanda 1111/2009	30
II. ADMINISTRACIÓN GENERAL DEL ESTADO	
Confederación Hidrográfica del Miño-Sil	
Comisaría de Aguas. Ourense	
Información pública de solicitud de concesión de aprovechamiento de aguas, expediente A/32/14099	2
Secretaría General. Ourense	
Resolución de aprobación del modelo normalizado de declaración responsable a los efectos de la navegación en las cuencas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil	11
III. COMUNIDAD AUTÓNOMA	
Consellería de Economía e Industria	
Delegación Territorial de Ourense	
Resolución de autorización y aprobación del proyecto de ejecución y declaración de utilidad pública, a los efectos de urgente ocupación, de la instalación eléctrica denominada: "LMT, CT, RBT Fonte Moreiras", en el ayuntamiento de Boborás; expediente n.º: IN407A 2009/075-3- AT	21
Resolución de autorización, aprobación del proyecto de ejecución y declaración de utilidad pública, a los efectos de urgente ocupación, la instalación eléctrica denominada: "LMT, CT, RBT. Queiroás-Igrexa", en el ayuntamiento de Allariz; expediente n.º: IN407A 2008/134-3- AT	22
Resolución de autorización y aprobación del proyecto de ejecución de la instalación eléctrica: LMTS y CT plaza Ferreiría, en el municipio de Ourense (n.º expediente: IN407A 2009/74-3)	24
Resolución de autorización y aprobación del proyecto de ejecución de la instalación eléctrica: LMT, CTS urbanización Camiño Aira do Fonsillón en el municipio de Barbadás (n.º expediente: IN407A 2009/123-3)	24
Acuerdo de convocatoria para la redacción de actas previas a la ocupación de los bienes y derechos afectados por la instalación eléctrica LMT enlace Granxa Medeiros (ayuntamientos de Oimbra y Monterrei), expediente n.º: IN407A-2009/28-3-AT	25
Información pública de la petición de autorización de la instalación eléctrica: LMTS, CT Campo Grande 122, en el municipio de A Rúa (n.º expediente: IN407A 2010/21-3)	26
Información pública de la petición de autorización de la instalación eléctrica: LMT y CT Morteira-San Salvador, en el municipio de O Pereiro de Aguiar (n.º expediente: IN407A 2010/17-3)	26
Información pública de la petición de autorización de la instalación eléctrica: LMTS, CT calle Sousas, 122, en el municipio de Verín (n.º expediente: IN407A 2010/22-3)	27



II. ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO II. ADMINISTRACIÓN GENERAL DEL ESTADO

Confederación Hidrográfica do Miño-Sil
Comisaría de Augas
Ourense

Información pública

Expediente: A/32/14099.

Asunto: solicitude de concesión dun aproveitamento de augas.

Peticionario: Leonardo García Rodríguez, Elvira Saborido Ferreiro.

NIF n.º: 34 664 855-Z, 34 665 183-C.

Domicilio: Pena Trevinca, 38, 3º A, Pena Trevinca, 38, 3º A, 32005, 32005 Ourense (Ourense).

Nome do río ou corrente: Faramontaos.

Termo municipal e provincia: Xinzo de Limia (Ourense).

Destino: corta de cento cincuenta (150) amieiros.

Coordenadas: X=609.116 Y=4.659.465

Breve descrición das obras e finalidade:

Preténdese realiza-la corta de 150 amieiros en dominio público hidráulico e/ou zona de policía do río Faramontaos, na Touza.

Publicase isto para coñecemento xeral por un prazo de 30 días, contados a partir do seguinte á data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, co fin de que os que se consideren prexudicados co solicitado poidan presentalas súas reclamacións, durante o indicado prazo, no concello de Xinzo de Limia ou na Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (Comisaría de Augas, rúa do Progreso, 6, 32071 Ourense), onde estará de manifesto o expediente.

O xefe do servizo. Asdo.: José Alonso Seijas.

Confederación Hidrográfica del Miño-Sil
Comisaría de Aguas
Ourense

Información pública

Expediente: A/32/14099.

Asunto: solicitud de concesión de un aprovechamiento de aguas.

Peticionario: Leonardo García Rodríguez, Elvira Saborido Ferreiro.

NIF n.º: 34 664 855-Z, 34 665 183-C.

Domicilio: Pena Trevinca, 38, 3º A, Pena Trevinca, 38, 3º A, 32005, 32005 Ourense (Ourense).

Nombre del río o corriente: Faramontaos.

Término municipal y provincia: Xinzo de Limia (Ourense).

Destino: tala de ciento cincuenta (150) alisos.

Coordenadas: X=609.116 Y=4.659.465

Breve descripción de las obras y finalidad:

Se pretende realizar la tala de 150 alisos en dominio público hidráulico y/u zona de policía del río Faramontaos, en A Touza.

Se hace público para general conocimiento por un plazo de 30 días, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación de este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Ourense, con el fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el ayuntamiento de Xinzo de Limia o en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil (Comisaría de Aguas, calle de O Progreso, 6, 32071 Ourense), donde estará de manifesto el expediente.

El jefe del servicio. Fdo.: José Alonso Seijas.

R. 1.434

Confederación Hidrográfica do Miño-Sil

Secretaría Xeral
Ourense

Anuncio da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil relativo á publicación de Resolución pola que se aproba o modelo normalizado de declaración responsable para os efectos da navegación nas cuncas da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.

I.- Antecedentes:

1º.- O pasado 27.12.2009 entrou en vigor a Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e ó seu exercicio.

Esta norma supuxo a substitución do réxime de autorizacións administrativas previas que se viña esixindo para o exercicio de determinadas actividades, por unha nova figura denominada "declaración responsable", introducida no noso ordenamento, con carácter xeral, pola Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

Un dos sectores ós que se aplica esta figura é o dominio público hidráulico. Así, a Lei 25/2009 modifica os artigos 51 e 78 do texto refundido da Lei de augas (Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo) de forma tal que, para exercer determinados usos comúns especiais do dito dominio, e singularmente a navegación e flotación, a partir de agora bastará con que os interesados presenten unha declaración responsable.

2º.- Complementariamente, a Lei 25/2009 introduciu un novo artigo 71 bis na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no que define e regula a dita figura, establecendo, no seu número 5, que "as administracións públicas terán permanentemente publicados e actualizados modelos de declaración responsable e de comunicación previa, os cales se facilitarán de forma clara e inequívoca e que, en todo caso, se poderán presentar a distancia e por vía electrónica".

Ademais, o artigo 9 desta última norma prevé a inclusión dos ditos modelos normalizados nun Catálogo de modelos de solicitude que manterá permanentemente actualizado o Ministerio da Presidencia, prevíndose así mesmo a súa preceptiva publicación no Boletín Oficial do Estado para xeral coñecemento.

II.- Fundamentos de dereito.

1º.- Compete ó presidente da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil ditarlle esta resolución e á Comisaría de Augas a súa tramitación e proposta de conformidade coa Lei de augas (Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo), o Regulamento do dominio público hidráulico (Real decreto 849/1986, do 11 de abril), o Regulamento da administración pública da auga e da planificación hidrolóxica (Real decreto 927/1988, do 29 de xullo), os reais decretos 984/1989, do 28 de xullo e 266/2008, do 22 de febreiro, que establecen, respectivamente, a estrutura das confederacións hidrográficas e a do Cantábrico en particular, e demais de aplicación.

2º.- O modelo proposto e os seus anexos axústanse tanto ás determinacións da Lei de augas e ó Regulamento do dominio público hidráulico para os usos do demanio ó que se refire, como ó previsto na Lei 17/2009 e Lei 25/2009, xa citadas, en cuanto ó acceso ó exercicio das ditas actividades mediante a figura da declaración responsable.

Con base no anterior e vista a normativa de aplicación, esta confederación hidrográfica resolve:

Primeiro.- Aprobar, como modelo normalizado para o exercicio dos usos comúns de navegación e flotación nas cuncas competencia da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, o proposto pola Comisaría con tódolos seus anexos.

Segundo.- Publicar no Boletín Oficial do Estado, así como nos boletíns oficiais de Lugo, Ourense, Pontevedra e León o dito modelo para xeral coñecemento.

Terceiro.- Dar traslado ó Ministerio da Presidencia da dita aprobación para a súa inclusión no catálogo de modelos normalizados.



Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Marino
Confederación Hidrográfica do Miño-Sil
Comisaría de Aguas

Declaración responsable para o exercicio da navegación e flotación na cunca do Miño-Sil

O declarante que abaixo asina manifesta, baixo a súa responsabilidade, que os datos consignados nesta declaración son certos e que cumpre cos requisitos establecidos na lexislación de augas para o exercicio da navegación na cunca do Miño-Sil, que dispón da documentación que así o acredita e que se compromete a mante-lo seu cumprimento durante o tempo inherente ó dito recoñecemento ou exercicio.

Para completar esta declaración, deberá referirse ó apartado de "Instrucións e requisitos para o cumprimento da declaración responsable para o exercicio da navegación e flotación na cunca do Miño-Sil" desta declaración responsable dispoñible no dominio web <http://www.chminosil.es> ou contactando co organismo de cunca.

1. Datos do declarante (titular da embarcación)

Nome e apelidos/Denominación social*:..... NIF/CIF/Pasaporte*:
Enderezo:..... Teléfono:
Fax:..... Concello*:..... Provincia*:..... Cód. postal*:..... País*:

2. Datos de contacto para os efectos de comunicación (ou representante se o declarante é persoa xurídica)

Nome e apelidos/ Denominación social*..... Teléfono:
Dirección*:..... Concello*:
Provincia*:..... Cód. postal*:..... País*:

3. Datos da embarcación

Matricula da súa embarcación*: CHMS- -
N.º de embarcación*:..... Tipo*:..... Material do casco:
Dimensións: eslora*:..... Manga*:..... N.º máximo ocupantes*:
Emb. vela: altura máxima de mastro*:
Emb. motor: marca e modelo*..... N.º de serie embarcación*
N.º motores*..... Tipo de motor*..... marca*..... Potencia en CVR*
N.º serie motores*..... Ciclo operativo*..... combustión*
 Achegar táboa coas características de cada embarcación (para o caso de declarar varias embarcacións)*

4. Lugar de navegación*

Provincia/s:..... Municipio/s:.....
Encoro/s ou río/s:..... Treito/s:.....

5. Prazo declarado*

- Ata o 31 de decembro do ano en curso (validez máxima desta declaración responsable)
 Outro inferior a 12 meses entre as seguintes datas (día/mes/año): / / 201_ e / / 201_ .

6. Usuario e actividade

Tipo de usuario*: Empresa Club/federación Particular Entidade pública
Tipo de actividade*: Deportiva Recreativa Transporte Alquiler Cursifios Salvamento o vixilancia
 Estudos científicos Militares Proba ou descenso puntual Transporte madeira
 Outros:.....
 Achega memoria descritiva da actividade en caso de uso empresarial, en caso de actividades de salvamento, vixilancia, estudos científicos, probas ou descensos e transporte de madeira*



O declarante manifesta que coñece, acepta e se compromete a cumprilas "Instrucións e requisitos para o cumprimento da declaración responsable para o exercicio da navegación e flotación na cunca do Miño-Sil" actualizadas e dispoñibles no dominio web <http://www.chminosil.es> ou contactando co organismo de cunca. Así mesmo declara que:

1. Desinfecta a súa embarcación cada vez que entra e sae dunha zona afectada pola praga de mexillón cebra de acordo coas instrucións do "Protocolo de desinfección da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil" as cales se achegan no anexo I das "Instrucións e requisitos para o cumprimento da declaración responsable da navegación e flotación na cunca do Miño-Sil".

2. Identifica as súas embarcacións coas matrículas correspondentes, que figuran pintadas en ámbolos costados e son facilmente visibles e lexibles dende o exterior da embarcación.

3. Coñece que esta declaración non suporá monopolio nin preferencia de clase ningunha a favor do declarante, e que a Administración poderá suspendela temporal ou definitivamente por razóns de seguridade, salubridade ou por outros motivos xustificadas, sen que o declarante teña dereito a indemnización ningunha.

4. Responde de que as súas embarcacións cumpren coa lexislación vixente en canto á súa estabilidade, elementos de seguridade dos que deben dispoñer e bo estado de conservación daquelas e destes.

5. As embarcacións van provistas dos elementos de seguridade e salvamento necesarios para os ocupantes (chalecos e flotadores salvavidas de cores vivas, sinais acústicos e luminosos, etc.).

6. Respecta os sinais e balizamentos que existiran sobre zonas prohibidas ou outras afeccións e limitacións. En ningún caso as embarcacións se aproximarán á presa dos encoros navegables ou ós seus órganos de desaugadoiro a unha distancia menor de 400 metros (respéctase esta mesma limitación cos puntos de amarre).

7. Respecta as normas sobre cruzamentos e alcances contidos no vixente Código da circulación, e, en todo caso, o Regulamento de abordaxes e o Convenio de seguridade da vida no mar.

8. Respecta as normas de navegación en ríos e encoros que figuran no anexo 2 das "Instrucións e requisitos para o cumprimento da declaración responsable para o exercicio da navegación e flotación na cunca do Miño-Sil"

9. Cumpre as disposicións da Lei de pesca fluvial e, en xeral, as normas de carácter industrial, laboral, administrativo e fiscal que sexan de aplicación. Nos encoros onde se practique a pesca respéctase unha distancia mínima de 50 metros á beira durante a tempada de pesca.

10. Exerce-la navegación dispoñendo de cantas autorizacións poidan ser necesarias doutras administracións de cuxa obtención non queda eximido o declarante.

11. Non practica a navegación nos treitos e épocas onde a administración prohiba a navegación. Non practica a navegación nocturna.

12. Ten o título suficiente, segundo a normativa vixente, para o goberno das embarcacións declaradas ou responde pola suficiencia do título dos que manexen as embarcacións.

13. Coñece que a perigosidade inherente ó exercicio da navegación e flotación en augas continentais polo que se compromete a controlar en todo momento a súa embarcación e asume os riscos que poidan resultar desta. Para estes efectos dispón da seguinte póliza de seguros e consigna o número de póliza no

recadro correspondente (marcar cunha cruz o cadro correspondente ó tipo de póliza contratado).

Número de póliza: ...

Período de vixencia |De .../... /201 ... a ... / ... /201 ...|

13.1. Se o declarante é un particular que desexa navegar con embarcacións a vela con eslora maior de 4 metros ou embarcacións a motor:

Ten contratada unha póliza de seguro de responsabilidade civil contra danos a terceiros. De acordo co RD 607/1999, do 16 de abril, esta póliza inclúe unha cobertura mínima para danos a persoas de 240.404,84 euros e 96.161,94 euros para danos materiais. A póliza ten validez en augas interiores. Quedan expresamente cubertos os danos ocasionados ós ocupantes das embarcacións, con independencia da relación que teñan co tomador do seguro. No suposto de embarcacións a motor con capacidade para arrastrar esquiadores, estes quedan expresamente incluídos na póliza de seguro contratada.

13.2. Se o declarante é unha empresa, club ou federación:

13.2.1 O declarante figura de alta na Axencia Tributaria e exerce a actividade para a que se presenta esta declaración responsable.

13.2.2 Ten contratada unha póliza de seguro de responsabilidade civil contra danos a terceiros. Este seguro inclúe unha póliza global para tódalas embarcacións declaradas, cobre tódalas actividades desenvolvidas polo declarante, inclúe unha cobertura cun límite mínimo de 601.012,10 euros. En calquera caso, quedan, ademais, expresamente cubertos os danos ocasionados a terceiras persoas, debendo te-la consideración de tales as seguintes: guías ou monitores (RC patronal); ocupantes das embarcacións, con inclusión expresa, de se-lo caso dos esquiadores acuáticos; terceiras persoas alleas á embarcación.

13.3. Se se trata da declaración responsable dunha proba puntual:

Ten contratada unha póliza de seguro de responsabilidade civil contra danos a terceiros, que cobre os eventuais danos que poidan sufrir-los participantes. Este seguro inclúe unha póliza global para tódalas embarcacións declaradas, cobre tódalas actividades desenvolvidas polo declarante, inclúe unha cobertura cun límite mínimo de 601.012,10 euros. En calquera caso, quedan, ademais, expresamente cubertos os danos ocasionados a terceiras persoas, debendo te-la consideración de tales as seguintes: guías ou monitores (RC patronal); ocupantes das embarcacións, con inclusión expresa, de se-lo caso dos esquiadores acuáticos; terceiras persoas alleas á embarcación. A póliza de seguro está a nome da persoa física ou xurídica que organiza as actividades, e que, por tanto, presenta esta declaración.

A inexactitude, falsidade ou omisión de datos esenciais nesta declaración responsable, ou o incumprimento dos requisitos esixibles segundo a lexislación vixente para a actividade á que se refire, determinará a imposibilidade de continuar co seu exercicio, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas ás que tivera lugar.

De se-lo caso, poderá acordarse a obriga de restituí-la situación xurídica ó momento previo, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante o período de tempo que se determine.

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmaselle que os datos facilitados se incluírán nun ficheiro regulado pola orde MAM/304/2003, cuxo responsable é a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, a quen poderá dirixirse para exercer o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

En ..., a ... de ... de ...

O declarante. Asinado: Don/Dona



Espazo reservado para o rexistro de entrada da

Instrucións e requisitos para o cumprimento da declaración responsable para o exercicio da navegación e flotación na cunca do Miño-Sil con embarcación

Estas instrucións manteranse actualizadas e poderanse consultar no dominio web do organismo de cunca (<http://www.chminosil.es>) ou ben contactando coa oficina de navegación:

Confederación Hidrográfica do Miño-Sil

Comisaría de Augas

Rúa Curros Enríquez 4-2º

32071 - Ourense (España)

Teléfono: +34 988 399 424

Fax: +34 988 24 24 02

E.mail: comisaria.aguas@chminosil.es

- ¿Que é unha declaración responsable para o exercicio da navegación e flotación?

Enténdese por declaración responsable o documento suscrito por un interesado no que manifesta, baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para o exercicio da navegación na demarcación do Miño-Sil, que dispón da documentación que así o acredita e que se compromete a mante-lo seu cumprimento durante o exercicio da actividade que motiva a declaración. (De acordo co establecido no artigo 2 da Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio).

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore a esta declaración responsable, ou a non presentación ante a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil desta, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio da actividade afectada desde o momento no que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades, penais, civís ou administrativas ás que houbera lugar. (Véxase o artigo 2 e 33 da Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio).

Esta declaración responsable deberá presentarse na Confederación Hidrográfica do Miño-Sil cun período mínimo de antelación de 15 días hábiles antes de inicia-la súa actividade para que poida comprobarse a súa compatibilidade cos usos previstos para as augas almacenadas, protexendo a súa calidade e limitando o acceso ás zonas de derivación ou desaugadoiro. (Véxase o artigo 33 da Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio).

Teranse en conta, ademais das características naturais e accesos dos encoros, as limitacións que se deduzan da compatibilidade do uso declarado co destino das augas e demais circunstancias que poidan resultar condicionantes.

Este prazo iniciarase a partir da data na que a declaración responsable tivera entrada en calquera dos rexistros da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.

As táboas de windsurf, os denominados patos ou tubo float e as embarcacións propulsadas a remo con eslora inferior a 2,5 metros considéranse artefactos complementarios do baño, suxeitos ó réxime dos usos comúns do dominio público hidráulico e non necesitarán a presentación de declaración responsable para o seu uso (de acordo co establecido no artigo 56 do Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico, que desenvolve os títulos preliminar, I, IV, V, VI e VII da Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas (BOE do 30 de abril) (soamente se poderán utilizar nas masas de auga onde non estea prohibido o baño).

Para os sós efectos desta declaración responsable, consideráranse como embarcacións propulsadas a motor as motos de auga ou motos acuáticas; mentres que as “batuxas” ou embarcacións tradicionais lucenses típicas da comarca da Terra Cha serán consideradas como embarcacións impulsadas a remo.

No caso de actividades nas que se proxecta un uso exclusivo dun tramo de río, parte ou todo dun encoro ou que sen excluír dificulte a coexistencia doutros usos sobre o espazo no que a actividade se vaia desenvolver (debido ó número de embarcacións previstas, tipo de embarcación e actividade etc.), precisarase unha autorización administrativa da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil para inicia-lo exercicio da actividade prevista. Este pode se-lo caso de campionatos, descensos, embarcacións que arrastren esquiadores etc.

Por razóns de seguridade para bañistas, pescadores e embarcacións de pequeno tamaño, con carácter xeral, non se autoriza a navegación das denominadas motos de auga, en tanto non exista regulación a nivel nacional da súa práctica en augas interiores. Soamente se permitirá a súa navegación (a través de autorizacións administrativas), en tramos de ríos ou encoros sen restricións, nos seguintes casos:

- Xustifica-la existencia dunha zona reservada para motos de auga, con balizamento adecuado e non empregada por outros usuarios.

- Acreditar que unha entidade deportiva ou similar se responsabiliza do balizamento e vixilancia da zona.

- Acerca do declarante

O declarante é a persoa física ou xurídica que asina a declaración responsable. Queda baixo a súa responsabilidade o cumprimento dos requisitos que veñen reflectidos na súa declaración e comprométese a mante-lo seu cumprimento durante o exercicio da actividade que motiva a declaración.

O declarante é responsable de que todas aquelas persoas que empreguen as embarcacións que figuran na declaración responsable cumpran os requisitos establecidos nela.

- ¿Como conseguí-los modelos de declaración responsable?

Pode descargarse o modelo de declaración responsable no dominio web do organismo de cunca (<http://www.chminosil.es>) ou ben contactando coa oficina de navegación:

Confederación Hidrográfica do Miño-Sil

Comisaría de Augas

Rúa Curros Enríquez 4-2º

32071 - Ourense (España)

Teléfono: +34 988 399 424

Fax: +34 988 24 24 02

E.mail: comisaria.aguas@chminosil.es

- ¿Como cumprimenta-la declaración responsable?

A continuación pásase a describi-los requisitos e forma de cubrir cada un dos campos que compón a declaración responsable.

Cúbranse estes campos con letras maiúsculas ou caracteres de imprenta facilmente lexibles.

As declaracións responsables que non cumpran con tódolos requisitos descritos serán denegadas e non se permitirán o inicio da actividade obxecto da declaración.

Os campos sinalados con asterisco (*) son de obrigado cumprimento.

Lea atentamente cada un dos seguintes apartados para asegurarse que cumpre en cada caso cos requisitos esixidos:

1. Datos do declarante:

Indique os datos de contacto do declarante que se responsabiliza do cumprimento dos requisitos que veñen reflectidos na súa declaración. O declarante deberá se-lo titular da embarcación.

2. Datos de contacto para os efectos de comunicación ou datos do representante se o declarante é persoa xurídica:



Cubra estes campos cando os datos de contacto, para o envío de información da oficina de navegación ó declarante, non coinciden cos datos de contacto do declarante.

Se o declarante é unha persoa xurídica, deberá indica-los datos de contacto do seu representante.

Cando a información enviada pola Administración non encontre destinatario, archivarase o expediente correspondente (véxase sentenza do 17 de novembro de 2003 da Sala Terceira do Tribunal Supremo, pola que se fixa doutrina legal en relación co artigo 58.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común) sen prexuízo das responsabilidades penais, civís, administrativas ás que houbera lugar.

3. Datos da embarcación:

Indique nestes campos as características técnicas das embarcacións declaradas.

No caso de declarar unha embarcación que xa teña asignada unha matrícula do organismo de conca, deberá indicala no cadro correspondente, debendo en todo caso comezar polas iniciais CHMS.

Se a embarcación aínda non tivera asignada unha matrícula do organismo de conca, a estrutura da matrícula será a seguinte: CHMS/ tres últimos díxitos de NIF/CIF do declarante - letra do NIF/CIF. No caso de que o CIF non finalizase cunha letra, porase a correspondente á forma xurídica. Por último, engadíranse tres díxitos correlativos ó número de embarcacións declaradas por un mesmo titular (Ex.: para unha solicitude de 50 embarcacións, con NIF do declarante 12.345.678-A, as matrículas serían CHMS-678-A-001, CHMS-678-A-002,..., CHMS-678-A-049, e CHMS-678-A-050).

A matrícula poderá ser pintada ou adhesiva en vinilo. Figurará en ámbolos dous costados, a unha distancia non maior de 5 cm do bordo superior de cada un deles, cos caracteres de 1 cm, e irán centrados nun rectángulo branco de 70x15 cm. Deberá permanecer en bo estado de conservación, de forma que sexa perfectamente lexible.

No caso de declarar varias embarcacións:

- Se todas elas teñen as mesmas características técnicas, deberá indica-lo número de embarcacións e as súas características
- Se non teñen as mesmas características técnicas, deberá achegar unha táboa describindo as características de cada unha destas embarcacións seguindo o modelo seguinte:

Descrición en caso de varias embarcacións; Embarcacións (Vela; Motor)

Matrícula en caso de renovación; Tipo; Material do casco; Eslora (m); Manga (m); N.º máx. ocupantes; (Altura máx. mastro; Marca e modelo; N.º de serie; N.º de motor; Tipo de motor; Marca motor; Potencia (CVR); N.º serie motor; Ciclo operativo, Combustión)

A continuación descríbense os campos das características da embarcación:

“Tipo”: describa tipo de embarcación declarada. Exemplo: motora, veleiro, kaiak, canoa, traíneira etc...

“Material do casco”: describa tipo de material do casco da embarcación. Exemplo: polietileno, fibra de vidro, madeira etc...

“Eslora”: indique eslora total da embarcación en metros. Trátase da distancia, tomada en sentido lonxitudinal, entre os 2 puntos máis extremos da embarcación.

“Manga”: indique manga máxima da embarcación en metros. Trátase da distancia, tomada en sentido transversal, dunha banda a outra da embarcación. Mídese na parte máis ancha da embarcación.

“N.º máximo de ocupantes”: indique capacidade máxima de ocupantes permitida na embarcación. Este número deberá respectarse no exercicio da actividade declarada.

“Altura máxima de mastro”: se a embarcación dispón dun mastro, deberá indica-la súa altura máxima en metros.

“Marca e modelo”: indique marca e modelo da súa embarcación a motor.

“N.º de serie”: indique número de serie do casco da embarcación.

“N.º de motores”: indique número de motores dos que dispón a súa embarcación.

“Tipo de motor”: indique tipo de motor/motores utilizados, por exemplo: fixo, foraborda etc.

“Marca”: indique marca do motor/motores utilizados.

“Potencia en CVR”: indique potencia real do seu motor/motores en CV (Cabalos de vapor). En caso de conversións, teña en conta a seguinte táboa de equivalencia:

Potencia; kW; CV; HP

1 kW (Kilovatio); 1; 1,359621; 1,341022

1 CV (Cabalo vapor); 0,735499; 1; 0,986320

1 HP (Cabalo forza); 0,745700; 1,013869; 1

A potencia real máxima permitida nas augas da conca do Miño-Sil é de 150 CV por embarcación.

“N.º de serie motores”: indique número de serie do motor/motores da súa embarcación.

“Ciclo operativo”: indique ciclo operativo do motor/motores utilizado. Pode ser 2T (2 tempos), 4T (4 tempos).

“Combustión”: indique tipo de combustión do motor/motores utilizado. Pode ser inxección ou carburación.

O uso de motores de 2 tempos de carburación queda prohibido nas augas da conca do Miño-Sil.

4. Lugar de navegación:

Deberá indica-lo nome dos encoros e/ou ríos nos que desexa desenvolver-la actividade declarada.

Os lugares de navegación, tipo de usuario e tipo de actividade indicados deberán coincidir para tódalas embarcacións declaradas.

A relación de lugares descritos deberá adecuarse ás esixencias das normas de navegación da conca do Miño-Sil.

As limitacións descritas a continuación non se aplicarán a embarcacións xestionadas por organismos oficiais destinadas a vixilancia e salvamento. Tampouco se aplicarán a embarcacións destinadas a estudos científicos ou técnicos e embarcacións militares ou similares, así como a embarcacións que participen en competicións deportivas ou concursos de pesca.

Estas embarcacións estarán obrigadas ó cumprimento do Protocolo de desinfección de embarcacións (Véxase anexo 1) cando proveñan e/ou teñan visitado augas de fóra da Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil.

Prohíbese a navegación nos lagos de montaña.

• Navegación en encoros:

Soamente se permitirá a navegación nos encoros clasificados no anexo 2.

En cada un dos encoros, o declarante deberá respecta-las limitacións e observacións indicadas no anexo 2.

• Navegación en ríos:

Embarcacións a motor:

A navegación a motor nos ríos da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil queda reducida a aqueles lugares nos que se sinala expresamente no anexo 2.

Embarcacións a remo e a vela:

Permítese a navegación a remo e a vela nos ríos Miño e Limia, afluentes e subafluentes, condicionada a que as embarcacións



sexan dunha eslora inferior a 3,5 metros así como que os leitos superen os 3 metros de ancho e con ausencia de rápidos e obstáculos que dificulten a navegación. En todo caso, as embarcacións deberán de cumprir-las prescricións específicas para evita-la propagación de mexillón cebra, que figuran no Protocolo de desinfección de embarcacións do anexo 1.

5. Prazo declarado:

O prazo máximo será ata o 31 de decembro do ano no que se presente a declaración responsable. Se desexa que a súa declaración teña validez ata esa data deberá marcar cunha "X" a casa correspondente.

Se desexa que a súa declaración responsable teña validez durante un prazo inferior, deberá marcar cun "X" a casa correspondente e indica-las datas de inicio e final do prazo declarado.

6. Usuario e actividade:

Esta información é necesaria para determina-lo alcance dos requisitos esixidos ó declarante.

Tipo de usuario: marque cun "X" o recadro correspondente ó tipo de uso para o que se van destina-las embarcacións declaradas. A embarcación pódese usar con fins empresariais e particulares pero tamén pode ser utilizada por clubs ou entidades públicas.

Tipo de actividade: marque cun "X" o recadro correspondente ó tipo de actividade prevista entre as que se propoñen neste campo.

Considéranse probas ou descensos puntuais os que se organizan por un período inferior ou igual a 3 días naturais.

Enténdese coa actividade "transporte de madeira" o transporte de madeira por pezas soltas ou con almadías.

Nos seguintes casos, deberase achegar unha memoria descriptiva da actividade para valora-los efectos perniciosos que o seu exercicio puidera ter no medio hídrico e a súa compatibilidade coa protección do dominio público hidráulico:

- No caso de uso empresarial, esta memoria deberá incluír:
 - Descrición dos equipos de salvamento e emerxencia previstos.
 - Descrición da actividade empresarial prevista, incluída a forma de practica-los descensos ou de realiza-las actividades obxecto desta declaración responsable.
 - No caso de actividades de vixilancia e salvamento, estudos científicos, esta memoria deberá incluír:
 - Descrición dos traballos previstos, incluído os equipos de salvamento e emerxencia previstos.
 - Datas de inicio e final dos traballos.
 - Lugares de navegación e flotación requiridos.
 - Medidas previstas para cumprir coas esixencias do Protocolo de desinfección de embarcacións do anexo 1.
 - No caso de probas puntuais e descensos, esta memoria deberá incluír:
 - Descrición dos actos previstos, incluído os equipos de salvamento e emerxencia previstos e mención específica das persoas responsables dos ditos actos.
 - Datas de inicio e final das actividades previstas.
 - Lugares de navegación e flotación requiridos e número de embarcacións previstas.
 - Medidas previstas para cumprir coas esixencias do Protocolo de desinfección de embarcacións do anexo 1.
 - En caso de actividades de transporte de madeira, esta memoria deberá incluír:
 - Descrición das actividades previstas, incluído o tramo ou tramos de río que se pretende utilizar, especificando o seu principio e o seu final, relación de encoros, tomas de auga e demais obstáculos existentes no tramo, con indicación das súas características e, de se-lo caso, sistema que se propón para salvalos, número e dimensións das pezas ou das almadías (de acordo co esta-

blecido no artigo 67.1 do Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico, que desenvolve os títulos preliminar, I, IV, V, VI e VII da Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas (BOE do 30 de abril).

- Datas de inicio e final das actividades previstas.

7. Outras declaracións:

A continuación describiranse as declaracións contidas na páxina n.º 2 da declaración responsable que o declarante cumpre e se compromete a manter durante o prazo de exercicio da actividade descrita.

• Declaración do apartado 1:

As embarcacións propulsadas a remo que naveguen nos ríos Miño e/ou Limia, afluentes, subafluentes, deben cumprir coas prescricións específicas que figuran no Protocolo de desinfección de embarcacións do anexo 1 cada vez que proveñan e/ou teñan visitado augas fóra da Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil.

Publicarase e actualizarase o listado das estacións de desinfección oficiais no dominio Web do organismo de cunca e poderán consultarse contactando con este organismo.

Quedaralles prohibido navegar na demarcación hidrográfica do Miño-Sil ás embarcacións que navegaran en encoros do tipo "C" ou "R" da cunca hidrográfica do Ebro, e das cuncas hidrográficas do Xúcar, Segura, Guadalquivir, ou de calquera outra masa de auga con posibilidade de estar afectada pola presenza do mexillón cebra.

• Declaración do apartado 2:

Quedan eximidos os requisitos de matriculación ás embarcacións que declaren navegar en ocasións de carácter esporádico con motivo de descensos de ríos, probas deportivas ou outras actividades similares.(De acordo co establecido no artigo 58.2, do Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico, que desenvolve os títulos preliminar, I, IV, V, VI e VII da Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas (BOE do 30 de abril)).

• Declaración do apartado 3:

De acordo co establecido no artigo 63.1 do Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico, que desenvolve os títulos preliminar, I, IV, V, VI e VII da Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas (BOE do 30 de abril), a presentación da declaración responsable non suporá monopolio nin preferencia de clase ningunha a favor do declarante. O exercicio da navegación poderá ser suspendido temporal ou definitivamente pola Administración por razóns de seguridade, salubridade ou outros motivos xustificadas, sen que o declarante teña dereito a indemnización ningunha.

• Declaración do apartado 4:

De acordo co establecido no artigo 59.1 do Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico, que desenvolve os títulos preliminar, I, IV, V, VI e VII da Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas (BOE do 30 de abril), quen presente declaracións responsables para navegar responden de que as súas embarcacións cumpran coa lexislación vixente en canto a estabilidade destas, elementos de seguridade dos que deben dispoñer e bo estado de conservación de aquelas e estes.

Para comproba-la estabilidade da súa embarcación poderá, por exemplo, conseguir-lo certificado de navegabilidade da embarcación expedido pola Dirección Xeral de Mariña Mercante (en caso de navegar en augas marítimas), o certificado internacional de embarcacións de recreo ou un proxecto de embarcación de recreo realizado por un enxeñeiro naval e visado polo colexio correspondente.

• Declaración do apartado 6 e 7:

Respectaranse os sinais e balizamentos que existiran sobre zonas prohibidas ou outras afeccións e limitacións, as normas



sobre cruzamentos e alcances contidas no vixente Código da circulación e, en todo caso, o Regulamento de abordaxes e o Convenio de seguridade da vida no mar (incluído a Orde FOM/3200/2007, do 26 de outubro, pola que se regulan as condicións para o goberno de embarcacións de recreo). Prohíbese fondear e utilizar elementos de balizamento como amarres para o fondeo das embarcacións ou como elementos auxiliares de pesca. Aconséllase non navegar fóra das zonas balizadas. Respetaranse as zonas que albergan diversas especies de interese moi localizadas, como garzas e anátidos. Deberase gardar unha distancia de seguridade, maior a 150 metros, entre o paso das embarcacións a motor e as zonas de canizares.

• Declaración do apartado 10:

Esta declaración non supón nin exclúe outras autorizacións que poidan ser necesarias doutros organismos da Administración central, autonómica ou local para o exercicio da actividade declarada.

En particular, as instalacións fixas utilizadas polo declarante (embarcadoros, ramplas, balizamentos etc.) deberán estar debidamente legalizadas.

• Declaración do apartado 12:

De acordo co establecido no artigo 60 do Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico, que desenvolve os títulos preliminar, I, IV, V, VI e VII da Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas (BOE do 30 de abril), "Para o manexo ou goberno das embarcacións será preciso estar en posesión do correspondente título expedido polo organismo competente, naqueles casos nos que sexa preceptivo de acordo coa clase de embarcación."

Quen presente unha declaración responsable de navegación outorgada para o uso dunha pluralidade de embarcacións, queda obrigado a velar pola suficiencia do título e o cumprimento dos requisitos establecidos na declaración responsable de quen as manexen.

• Declaración do apartado 13:

A navegación e flotación en augas continentais pode resultar perigosa. Os ríos e encoros son medios adversos que poden alterarse con rapidez por razóns incontrolables para a Administración. O declarante deberá controlar en todo momento a súa embarcación, avaliar se os seus coñecementos lle permiten exercer-la súa actividade sen colocarse nin poñer a ningún terceiro en situación de risco. O declarante asume que coñece os riscos inherentes á actividade da navegación e este organismo de cunca non responderá dos danos ou accidentes que puideran producírselles ás persoas ou ós bens, e será exclusivamente do declarante a responsabilidade dos citados danos ou accidentes. Para estes efectos, o declarante deberá dispoñer dunha póliza de seguro que cumpra en cada caso co requirido a continuación (deberá consignar-lo número de póliza de seguro no recadro correspondente e marcar cun "X" a cadro correspondente ó tipo de póliza contratada):

• Declaración do apartado 13.1:

Os declarantes que fagan uso particular da súa embarcación a vela con eslora maior a 4 metros ou da súa embarcación a motor deberán contratar unha póliza de seguro de responsabilidade civil (de acordo co establecido no artigo 59.2 do Real Decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico, que desenvolve os títulos preliminar, I, IV, V, VI e VII da Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas (BOE do 30 de abril)). de acordo co seguinte:

- De acordo co Real decreto 607/1999, do 16 de abril, esta póliza deberá incluír unha cobertura mínima para danos a persoas de 240.404,84 euros e 96.161,94 euros para danos materiais.

- A póliza deberá ter validez en augas interiores.

- Quedarán expresamente cubertos os danos ocasionados ós ocupantes das embarcacións, con independencia da relación que teñan co tomador do seguro. No suposto de embarcacións a motor con capacidade para arrastrar esquiadores, estes quedarán expresamente incluídos na póliza de seguro contratada.

A declaración responsable de navegación, calquera que sexa o seu prazo, carecerá de validez fóra do período de vixencia da póliza de seguro esixida.

• Declaración do apartado 13.2:

As empresas, clubs, federacións e entidades públicas que practiquen a navegación na cunca do Miño-Sil deberán dispoñer dun seguro de responsabilidade civil contra danos a terceiros (de acordo co establecido no artigo 59.2 do Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico, que desenvolve os títulos preliminar, I, IV, V, VI e VII da Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas (BOE do 30 de abril)) que inclúa:

- Unha póliza global para tódalas embarcacións declaradas.

- Cubrir tódalas actividades desenvolvidas polo declarante.

- Incluír unha cobertura cun límite mínimo de 601.012,10 euros.

En calquera caso, deberán quedar, ademais, expresamente cubertos os danos ocasionados a terceiras persoas, debendo ter a consideración de tales os seguintes: guías ou monitores (RC patronal); ocupantes das embarcacións, con inclusión expresa, de se-lo caso, dos esquiadores acuáticos; terceiras persoas alleas á embarcación.

Comprobe que o seguro contratado cobre o exercicio das actividades declaradas nas augas interiores da cunca do Miño-Sil nas que desexa practica-la súa actividade.

A declaración responsable de navegación, calquera que sexa o seu prazo, carecerá de validez fóra do período de vixencia da póliza de seguro esixida.

• Declaración do apartado 13.3:

O declarante, responsable das probas, deberá contratar un seguro de responsabilidade civil contra danos a terceiros (de acordo co establecido no artigo 59.2 do Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico, que desenvolve os títulos preliminar, I, IV, V, VI e VII da Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas (BOE do 30 de abril)) que inclúa:

- Cubri-los eventuais danos que poidan sufrir-los participantes das probas no exercicio das actividades previstas.

- Unha póliza global para tódalas embarcacións que participen nas actividades declaradas,

- Cubrir tódalas actividades previstas nas probas declaradas,

- Unha cobertura cun límite mínimo de 601.012,10 euros.

En calquera caso, deberán quedar, ademais, expresamente cubertos os danos ocasionados a terceiras persoas, debendo ter a consideración de tales as seguintes: guías ou monitores (RC patronal); ocupantes das embarcacións, con inclusión expresa, de se-lo caso, dos esquiadores acuáticos; terceiras persoas alleas á embarcación.

Comprobe que o seguro contratado cobre o exercicio das actividades declaradas nas augas interiores da demarcación do Miño-Sil nas que desexa practica-la súa actividade.

O tomador da póliza de seguro deberá se-la persoa física ou xurídica que organiza as actividades e que, por tanto, presenta esta declaración.

A declaración responsable de navegación, calquera que sexa o seu prazo, carecerá de validez fóra do período de vixencia da póliza de seguro esixida.

- Acabei de enche-la declaración responsable... ¿cando podo empezar a navegar?

Unha vez que teña cuberta a súa declaración responsable o declarante deberá:



1. Datar e asina-la declaración. Se o declarante é unha persoa xurídica, deberá asina-la seu representante.

2. Poderá presenta-la súa declaración responsable nas oficinas de rexistro da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común. No suposto de envío a través das Oficinas de Correo, o enderezo de correo será o seguinte:

Confederación Hidrográfica do Miño-Sil
Rexistro Xeral
Rúa Curros Enríquez 4-2º
32071 - Ourense (España)

A declaración responsable deberá presentarse cun período mínimo de antelación de 15 días hábiles antes de inicia-la actividade, contados a partir da data de rexistro de entrada da declaración responsable nas oficinas da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (de acordo co establecido no artigo 33 da Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e ó seu exercicio).

Non se rexistrarán as declaracións responsables enviadas por e-mail, fax ou calquera outro medio que non establezan as disposicións vixentes (De acordo co establecido no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común).

3. A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil comprobará a compatibilidade do contido da declaración responsable coa protección e os fins do dominio público hidráulico (de acordo co establecido no artigo 33 da Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e ó seu exercicio).

No caso de incompatibilidade do contido da declaración responsable coa protección e os fins do dominio público hidráulico, a Confederación Hidrográfica del Miño-Sil notificaralle ó declarante, mediante resolución e de forma motivada a imposibilidade de levar a cabo esta actividade.

